



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Xestión dos servizos da Enfermaría		Código	661G01021
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Mendez Pazos, María Carmen	Correo electrónico	carmen.mendez.pazos@udc.es	
Profesorado	Mendez Pazos, María Carmen	Correo electrónico	carmen.mendez.pazos@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O propósito xeral da materia é capacitar ao alumno para traballar dentro dunha organización ou sistema tendo en conta o medio socioeconómico en que ésta se desenvolve, así como por ao seu alcance os métodos e as técnicas utilizados polas ciencias administrativas para integrar os coñecementos adquiridos noutras disciplinas coa finalidade de prestar un servizo de calidade a un custo adecuado e incrementar o desenvolvemento persoal, profesional e o da institución ou sistema			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Identificará o proceso evolutivo do pensamento administrativo e a súa aplicación ós servizos actuais de saúde e de enfermaría, describindo as diferentes correntes do proceso e a súa aportación á xestión dos servizos de saúde e de enfermaría.	A53	B1 B8	C1 C4
Identificará as características dos sistemas sanitarios existentes, describindo e analizando o sistema sanitario español e galego e o papel da enfermeira dentro dos mesmos	A53	B1 B3 B8 B11	C1 C4
Describirá as etapas do proceso de xestión e a súa aplicación ós servizos de saúde e de enfermaría, analizando o enfoque de planificación por necesidades e identificando os indicadores máis útiles para a planificación.	A53 A54	B1 B3 B8 B11 B12	C1 C4
Describirá e identificará as características dos diferentes tipos de organizacións e estruturas organizativas dos servizos de saúde y de enfermaría.	A53 A54	B1 B8 B11 B12	C1 C4
Identificará e describirá os elementos máis destacados na xestión de enfermaría nunha organización, identificando o papel dos departamentos de enfermaría nos procesos de xestión de coidados. Analizará a responsabilidade da enfermeira na xestión de recursos. Analizará a importancia da información na organización de servizos.	A53 A54	B1 B2 B3 B8 B11 B12 B13	C1 C4



<p>Descibirá os sistemas de información e comunicación xeralmente utilizados polos servizos de saúde y de enfermaría, identificando fontes e métodos empregados así como os aspectos éticos e legais relacionados co seu manexo.</p>	<p>A53 A54</p>	<p>B1 B3 B5 B7 B8 B11 B13</p>	<p>C1 C4</p>
<p>Analizará e describirá as diferentes teorías sobre liderazgo e a súa aplicación ós servizos e ós coidados enfermeiros.</p>	<p>A53 A54 A55</p>	<p>B1 B2 B3 B5 B7 B8 B12 B13 B18 B22</p>	<p>C1 C4</p>
<p>Descibirá técnicas de dirección de grupos, analizando o proceso de toma de decisións.</p>	<p>A53 A54 A55</p>	<p>B1 B2 B3 B5 B7 B8 B11 B13 B18 B22</p>	<p>C1 C4</p>
<p>Definirá e analizará o concepto de control e avaliación e a súa aplicación ó campo da enfermaría.</p>	<p>A53 A54 A55</p>	<p>B1 B2 B3 B7 B8 B11 B13 B21 B22</p>	<p>C1 C4</p>
<p>Descibirá e analizará os principios, elementos e métodos de garantía de calidade asistencial. Explicará a importancia de: indicadores, criterios e estándares na avaliación da calidade, deseñando algún instrumento para a súa avaliación e xestión.</p>	<p>A53 A54 A55</p>	<p>B1 B2 B3 B8 B11 B12 B13 B21</p>	<p>C1 C4</p>

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Marco de referencia e conceptual da administración como ciencia. Administración e xestión dos servizos de saúde</p>	<p>Introducción á perspectiva da Administración como ciencia. Teorías clásicas y modernas e a súa aplicación nos servizos de saúde</p>



Funcións e modelos de xestión dos servizos de saúde e de enfermaría	<p>Conceptos básicos sobre sistemas de saúde.</p> <p>Análise comparativo dos distintos modelos sanitarios.</p> <p>Sistema de saúde español e galego. Papel de la enfermera.</p> <p>Planificación dos servizos de saúde e de enfermaría.</p> <p>O proceso administrativo. Aplicación.</p> <p>Modelos de xestión institucionais.</p> <p>Planificación baseada nas necesidades. Risco, necesidade e demanda.</p> <p>Técnicas de planificación</p>
Estudio das organizacións. A organización dos servizos de saúde e de enfermaría.	<p>Conceptos básicos de organización.</p> <p>Organización dos servizos de saúde e de enfermaría.</p> <p>A estrutura nas organizacións de saúde e de enfermaría.</p> <p>Elementos de organización específicos dos servizos de enfermaría.</p> <p>Sistemas de organización do traballo das enfermeiras nos distintos niveis asistenciais.</p>
A dirección e liderado nos departamentos de enfermaría e na xestión de coidados	<p>O liderado. Definición e tipos.</p> <p>Toma de decisións.</p> <p>Definición da toma de decisión. Tipos e métodos de toma de decisións e dirección de grupos.</p> <p>A motivación.</p> <p>A comunicación.</p> <p>Sistemas de comunicación e información máis utilizados.</p>
Evaluación, control e calidade da atención sanitaria e dos coidados de enfermaría.	<p>O control nas organizacións.</p> <p>Tipos de control. Control interno e control externo.</p> <p>Instrumentos e ámbito de control.</p> <p>Compoñentes da calidade dos servizos sanitarios.</p> <p>Enfoques da valoración da calidade.</p> <p>Garantía de calidade nos servizos de enfermaría.</p> <p>Indicadores, criterios estándares de calidade.</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	31	52
Estudo de casos	14	28	42
Análise de fontes documentais	2	5	7
Traballos tutelados	2	15	17
Proba mixta	2	26	28
Actividades iniciais	2	0	2
Atención personalizada	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba mixta	A atención personalizada relacionada cos traballos ten como finalidade orientar os estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.  A atención personalizada relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo, onde se avaliará a adquisición de competencias específicas e transversais, suporá o 20% da cualificación final. As probas específicas de resolución de casos, supora un 20%.	20



Traballos tutelados	A realización dos traballos tutelados será obrigatoria. A avaliación dos traballos inclúe a valoración de competencias específicas e transversais. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 20% da cualificación final. para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral, de se realizar	20
Proba mixta	Proba escrita con pregunta curta e tipo test para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe dos contidos teóricos	60

### Observacións avaliación

A aplicación das porcentaxes na avaliación final para a superación da materia quedará suxeita a que cada unha das metodoloxías que computen na avaliación sexan superadas pola/o alumna/o segundo os criterios que estableza a profesora.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- Metas de enfermería (). .
- Rol de Enfermería (). .
- Enfermería Clínica (). .
- Todo Hospital (). .
- Calidad asistencial (). .
- MONPART M.P ( 2003). Administración de los Servicios de Enfermería. Barcelona: Masson
- BALDERAS M (2004). Administración de los Servicios de Enfermería. 3ª ed. México: Interamericana
- GONZALEZ DAGNINO A. (1994). Administración por Objetivos. . Madrid: Fondo de Investigaciones Sanitarias de la Seguridad Social
- MONPART GARCÍA M.P, DURÁN ESCRIBANO M (2009). Administración y gestión. Madrid: DAE
- ALFARO LEFEVRE R (2003). Aplicación del Proceso Enfermero: fomentar el cuidado en colaboración. 5ª ed. . Barcelona: Masson
- VUORI HV (1991). El control de calidad de los servicios sanitarios: conceptos y metodología. Barcelona: Masson
- LOPEZ CASASNOVAS G (2001). El control de Gasto Sanitario. Springer. Barcelona
- BOHIGAS SANTASUSAGNA LL (1994.). El control de gestión en enfermería. Barcelona: Fundación Averis Donabedian
- GILLIES D.E (1994). Gestión de Enfermería: Una aproximación a los sistemas. Barcelona: Masson Salvat Enfermería
- VARO JAIME (1994). Gestión Estratégica de la Calidad en los servicios sanitarios. Un modelo de Gestión hospitalaria . Madrid: Ediciones Díaz de Santos
- TEMES MONTES JL (2007). Gestión hospitalaria. 2ª ed. Madrid: McGraw-Hill Interamericana
- MARRINER TOMEY A (2001). Guía de Gestión y Dirección de Enfermería. 6ª ed. Barcelona: Harcourt
- CHIAVENATO I (2006). Introducción a la teoría general de la administración. 5ª ed. . México: McGraw-Hill Interamericana
- DONABEDIAN A (1991). La calidad de la atención médica: definición y métodos de evaluación. México: La Prensa Médica Mexicana
- PINEAULT R., DAVELUY C (1994). La Planificación Sanitaria. Conceptos, Métodos, Estrategias. 2ª ed. Barcelona: SG editores
- (1986). LEY 14/1986 de 25 de Abril, GENERAL DE SANIDAD . B.O.E. 29 de Abril de 1986
- LAMATA F, CONDE J, HORNO J (1994). Marketing sanitario. . Madrid: Díaz de Santos
- MASON E.J (1988). Normas de calidad en enfermería. Barcelona: Doyma
- MINISTERIO DE SANIDAD Y CONSUMO (1990). Organización del equipo de Atención Primaria. Madrid: Ministerio de Sanidad y Consumo. Instituto Nacional de la Salud
- ELOLA SOMOZA J (2001). Política Sanitaria Española. Madrid. Díaz de Santos

#### Bibliografía complementaria

### Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Enfermaría clínica III/750G01017
Materias que continúan o temario
Enfermaría Clínica I/750G01034
Enfermaría Clínica II/750G01035
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías